

Ana Patricia Torres Madureira, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Popular na Deputación de Ourense, con base ao previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de Base Reguladora do Réxime Local e o Regulamento da Corporación, presenta a seguinte **MOCIÓN PARA O IMPULSO DAS INFRAESTRUTURAS ESTRATÉXICAS E DA CAPTACIÓN DE INVESTIMENTOS PARA O DESENVOLVEMENTO INDUSTRIAL DA PROVINCIA DE OURENSE**, para o seu debate no pleno da corporación, tendo en conta a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A provincia de Ourense atópase nun momento decisivo para consolidar o seu desenvolvemento económico e industrial. Nos últimos anos, as políticas impulsadas pola Xunta de Galicia permitiron avanzar de maneira significativa na creación e ampliación de infraestruturas industriais, así como na posta á disposición de solo empresarial competitivo, elementos fundamentais para atraer investimento, xerar emprego e fixar poboación no territorio.

Neste sentido, a provincia está a experimentar importantes avances grazas á planificación e execución de actuacións en distintos parques empresariais e polígonos industriais. Exemplos destacados son o polígono de Xinzo de Limia, xa executado, así como as actuacións desenvolvidas ou previstas nos polígonos de San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar, Paderne de Allariz ou Carballiño-Maside, entre outros. Estas infraestruturas constitúen ferramentas estratéxicas para fortalecer a competitividade empresarial e favorecer a implantación de novas actividades económicas.

Do mesmo xeito, resulta imprescindible continuar coa promoción das capacidades produtivas e das vantaxes competitivas da provincia de Ourense no sector industrial, dado que representan unha oportunidade para que as

empresas da provincia favorezan a creación de emprego cualificado e o desenvolvemento económico, con beneficios directos e indirectos para Ourense.

O labor que desenvolve o Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) na captación de investimentos e na prospección de mercados internacionais está a contribuír a situar Galicia e Ourense como destinos atractivos para novos proxectos empresariais. A provincia conta con recursos naturais, posición xeográfica, dispoñibilidade de solo industrial, capital humano e sectores económicos con grande potencial de crecemento que deben seguir sendo promocionados nos principais foros económicos nacionais e internacionais.

Por outra banda, o desenvolvemento industrial de Ourense require tamén do compromiso e da implicación do Goberno de España na execución e conservación das infraestruturas da súa competencia. A provincia continúa agardando por actuacións estratéxicas que resultan imprescindibles para mellorar a súa conectividade e competitividade empresarial.

Entre elas destaca a necesaria construción da estación de mercadorías vinculada ao polígono industrial de San Cibrao das Viñas, infraestrutura clave para potenciar a loxística e o transporte de mercancías, igual que a renovación das liñas ferroviarias do interior de Galicia, tanto Ourense-Lugo coma Ourense-Vigo. Así mesmo, a execución da autovía A-76 continúa sendo unha reivindicación histórica para mellorar as comunicacións entre Galicia e Castela e León, favorecendo a actividade económica e industrial do interior.

Igualmente preocupante é o estado actual das estradas nacionais N-120 e N-540, que presentan numerosos tramos con importantes deficiencias no firme, deterioro acumulado e presenza de fochancas que comprometen a seguridade viaria e dificultan a mobilidade de persoas e mercadorías. A súa reparación integral resulta urxente para garantir unhas comunicacións adecuadas e acordes ás necesidades dunha provincia que aspira a seguir medrando en actividade económica e industrial.

En virtude de todo o exposto, o Grupo Provincial Popular propón ao pleno os seguintes

ACORDOS:

1. Instar á Xunta de Galicia a que continúe executando e priorizando as infraestruturas e o solo industrial que son da súa competencia, para que a provincia de Ourense continúe tendo oportunidades de crecemento no ámbito empresarial, como xa o está facendo e así se reflicte en diferentes polígonos industriais, como o de Xinzo de Limia, xa executado, e os de San Cibrao das Viñas, O Pereiro de Aguiar, Paderne de Allariz ou Carballiño-Maside, entre outros.
2. Instar á Xunta de Galicia a que, a través do IGAPE, continúe realizando prospeccións nos distintos mercados, tanto nacionais coma internacionais co fin de captar investimentos, destacando todas as potencialidades económicas, industriais e loxísticas que ofrece Ourense.
3. Instar ao Goberno de España a que priorice as infraestruturas pendentes na provincia de Ourense, tales como a estación de mercadorías do polígono de San Cibrao das Viñas, a renovación das infraestruturas ferroviarias, a autovía A-76 e a reparación integral das estradas nacionais N-120 e N-540, dado o seu estado de deterioro e a súa importancia estratéxica para a seguridade viaria, a mobilidade e o desenvolvemento do tecido industrial da provincia.

Ourense, 8 de xuño de 2025.

Asdo. Ana Patricia Torres Madureira.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE